



**GRUPO PROVINCIAL**  
**V-32244006**  
**xosemanuelpuga@gmail.com**

Xosé Manuel Puga González, deputado do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta as seguintes **PREGUNTAS** para a súa resposta por escrito

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

É obriga das persoas que formamos parte de entidades públicas o exercicio da capacidade de control sobre os órganos (mesmo os unipersoais) en aras da transparencia e boa xestión dos fondos públicos.

De feito o artigo 77 da Lei 7/1985 establece o dereito a obter do Presidente ou Xunta de Goberno Provincial “cantos antecedentes, datos ou informacións precisen para o desenvolvemento da súa función”.

A área de infraestruturas de Deputación Provincial de Ourense conta con diversas brigadas dependentes do servizo de vías e obras: brigadas comúns, brigadas zona 1 e brigadas zona 2.

Neste servizo traballan (segundo a RPT da entidade) aproximadamente 80 persoas (en todas as categorías profesionais).

Os necesarios e importantes traballos que realizan nos distintos concellos da provincia, require dunha coordinación importante dada a alta demanda dos seus servizos.

Os criterios aplicados na distribución dos traballos, segundo se nos indicou ao noso grupo provincial, son “a petición dos concellos”

### **PREGUNTAS:**

1. É correcto o criterio aludido?.
2. En caso de ser así: como se prioriza no caso de solicitudes coincidentes?.
3. E de non ser ese o criterio, que criterios se aplican?.

### **SOLICITUDE DE INFORMACIÓN**

1.- Relación de solicitudes dos diversos concellos da provincia para actuación das brigadas de obras da Deputación Provincial desde 1 de xaneiro 2023 até a data actual.

2.- Relación de concellos nos que se actuou así como tempo empregado polas citadas brigadas en cada un deles.

Firmado por PUGA GONZALEZ XOSE  
MANUEL - \*\*\*5700\*\* el día 09/11/2023 Ourense, 20 de outubro de 2023.  
con un certificado emitido por AC

Asdo: Xosé Manuel Puga

**A SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE**